

RECOMENDACIONES LECTORAS PARA NADAL 2020



TEMPOS PARA UN SILENCIO INTERIOR

La suerte está echada. Espido Freire



Espido Freire lévanos a viaxar ata o verán do ano 79 a. de Cristo.

Neste ano a erupción do volcán Vesubio destruiu Pompeia e Herculano. Na novela segue a narrar as aventuras de Marco, que chegará a Britannia atravesando o mar Cantabricus.

Historia de una rosa. Ana Alonso



Cando acompaña á súa nai a un congreso científico en Bulgaria, Bernal atópase cunha rosa que lle provoca misteriosos sonos.


Con este libro aprenderás sobre a importancia da recuperación de especies de cultivo tradicionais para o desenvolvemento sostible.

Retahílas de cielo y tierra



Que teñen en común unha i sen puntito, unha estación espacial, un pel bermella despistado, un cero tímido e un gato?


Eco Héroes



Protexer o noso planeta de ameazas como a contaminación, o quecemento global ou a explotación desmesurada dos recursos naturais parece unha misión imposible que só algún heroe con poderes sobrehumanos pode acadar.

Se les este libro descubrirás que hai moitos homes e mulleres que loitaron para que a Terra sexa un lugar marabilloso no que vivir.

La maravillosa medicina de Jorge. Roald Dahl



Jorge quiere cambiar á súa desagradable avoa e inventa unha maravillosa menciña coa que consegue transformala. Pero nada resulta coma el esperaba.

Ana de las Tejas Verdes. L. M. Montgomery



Ambientada a principios do século XX en Canadá. Este libro levaranos a través dos ollos desta inocente nena a sentir o mundo como algo totalmente novo.

El grito de la gaviota. Emmanuelle Laborit



Narración autobiográfica que relata a historia dunha rapaza que aos 22 anos coñece a sordera absoluta, a dúbida e a desesperación, pero tamén a felicidade, a solidariedade e a fama.

La madre de Frankenstein. Almudena Grandes



En 1954, o psiquiatra Germán Velázquez volve a España para traballar no manicomio de mulleres de Ciempozuelos, ao sur de Madrid. Alí reconece a Aurora Rodríguez Carballeira, asesina da súa filla, e tentará humanizar o tratamento das enfermas.

El largo regreso. Jordi Sierra i Fabra



Unha desaparición misteriosa e unha volta estrana. Catro anos despois da súa desaparición, Susana aparece en casa como se non pasara nada.

Nacido en un día azul. Daniel Tammet



“Nacín un mércores. Sei que era mércores porque para min os mércores sempre son azuis. Como o número nove e o son das voces discutindo (seino porque os meus pais rifaban moito).”


Feminismo para principiantes. Nuria Varela



Quen eran as sufraxistas? De onde sae o feminismo radical? Por que o feminismo foi rexeitado e ridiculizado?

Con estes interrogantes e outros moitos, Nuria Varela repasa os tres séculos de facer e desfacer o mundo.

Vita Nova. Louse Glück



Poemario escrito en 1999 pola Premio Nobel de Literatura 2020 no que a escritora festexa as incertezas dos rapaces, centrándose na infancia para reflectir, a través de mitos, versos sobre amores imposibles e inocencia.

El infinito en un junco. Irene Vallejo



Un percorrido pola vida do libro e daqueles que o protexeron durante casi 30 séculos. Esta obra foi Premio Nacional de Ensaio 2020.

La filosofía en la calle. Eduardo Infante



Con este libro descubrirás que a filosofía pode axudar a resolver os problemas cotiás, que non está nos libros senon na vida, agardando a que a tomes da man para acompañarte cada día.